

Programa “Lectura e familias” do IES Castelao (Biblioteca Ramiro Fonte)

Persoas destinatarias

Nais ou pais, titores e titoras do alumnado da comunidade educativa, interesadas tanto no fenómeno da lectura e no seu papel de formadores dos pequenos lectores e lectoras como en estratexias de actuación cara a diversos problemas que xorden na adolescencia, prestándolle especial atención ao mundo do libros e a información.

1º SESIÓN INAUGURAL: Saúda ás persoas participantes e explicación dos recursos da biblioteca para os pais e nais, titores e titoras da comunidade educativa.

Espazo: Biblioteca Ramiro Fonte (segundo capacidade: máximo 20 persoas).

Día: 10 de marzo.

Hora de comezo: 19:00.

Duración aproximada: 25 minutos.

2º- Charla impartida por Cristina Novoa: “Criar lectoras. Sobre lectura e crianzas. Claves e recursos”.

Contido

Trataríase de dar resposta a estas cuestións básicas:

- Que vén sendo iso do "hábito de lectura"?
- Para que serve?
- Como se esperta e como se consolida?
- Que podemos facer desde a casa?
- Con que recursos podemos contar?

Espazo: Biblioteca Ramiro Fonte (segundo capacidade: máximo 20 persoas).

Día: 10 de marzo.

Hora de comezo: 19:30.

Duración aproximada: 90 minutos.

Cristina Novoa exerceu a súa vida profesional como mestra de infantil e primaria en diversos centros públicos de Galicia. Coordinou a Asesoría de bibliotecas escolares creada pola consellería de Educación da Xunta de Galicia no ano 2003, até a súa xubilación en decembro de 2020. Colabora na formación permanente do profesorado desde 1994 e participa asiduamente en congresos e xornadas educativas a nivel nacional e internacional. Ten diversas publicacións de carácter didáctico e artigos sobre

temas relacionados coa biblioteca, a formación lectora, a educación en información, as políticas públicas de lectura etc. Coordinou a elaboración de material para o fomento da lectura, como responsable da Asesoría de bibliotecas escolares: materiais da campaña *Hora de ler* (2006) e outros.

3º. “Obradoiro de formación para as familias: a educación emocional na familia. Recursos prácticos e bibliográficos”, impartido por Bibiana Caamaño.

Contidos:

a. Obxectivo Xeral:

Potenciar as fortalezas e capacidades das familias, proporcionándolles habilidades e recursos para a educación dos seus fillos e fillas. Tamén desde o eido da biblioteca e das lecturas.

b. Obxectivos Específicos:

- Incrementar a satisfacción na relación pai/nai – fillo/a.
- * Tomar conciencia da importancia da familia como modelo de comportamento.
- Desenvolver nas familias o estilo asertivo para mellorar as súas relacións cos fillos e fillas e nas súas relacións sociais.
- Mellorar a comunicación e a expresión de emocións entre pais e nais e fillos/as.
- Fomentar a empatía e aprender estratexias para axudar á xestión emocional dos rapaces/zas.
- Facilitar o camiño cara a autonomía do/as fillos/as.

Contidos:

- * Comunicación asertiva e expresión de sentimentos. Como escoitar para entendernos mellor e como expresarnos de maneira positiva.
- As emocións e como afectan ao comportamento. Como axudar a xestionar as emocións.

Espazo: Biblioteca Ramiro Fonte (segundo capacidade: máximo 20 persoas).

Días: 30 de marzo.

31 de marzo.

6 de abril.

Hora de comezo: 19:30.

Duración aproximada: 90 minutos.

Bibiana Caamaño: Psicóloga pola USC, Máster en Asesoramento e Orientación Familiar (USC). Colaboradora Docente como titora externa no Grao e Licenciatura en Psicoloxía, Grao en Pedagogía, Máster en Igualdade, Xénero e Educación, Máster en Procesos de Formación e no Máster en Mediación e Orientación Familiar da USC. Socia fundadora

de Alicce. Dende o ano 2.000, traballa como asesora, facilitadora de grupos, formadora, e supervisora de programas de intervención relacionados coa mellora das competencias persoais, sociais, a intelixencia emocional, comunicación, resolución de conflitos, mediación escolar... con distintos colectivos: nenos e nenas, adolescentes, profesorado, pais e nais, profesionais do ámbito social e persoas con discapacidade intelectual.

4º. Charla impartida por Mayte Celeiro: "A educación na adolescencia: recursos a través da lectura".

Contido

Introdución e recomendacións, con algunhas aproximacións prácticas de achegamento á etapa adolescente, en función dunha escolma de libros insubstituíbles para esta etapa entre os que se destacan:

Quiéreme cando menos lo merezca... Porque es cuando más lo necesito, de Jaume Funes.

El libro que ojalá tus padres hubieran leído (y que a tus hijos les encantará que leas), de Philippa Perry.

Como hablar para que los adolescentes escuchen y como escuchar para que los adolescentes hablen, de Adele Faber.

Como entrenar a tus padres, de Pete Johnson e Nikalas Catlow.

A mi también: si la adolescencia te ataca, lee este libro, de Karina Soto, Mayte Tepichín, e Toño García (autores); Anita Mejía (ilustradora).

Espazo: Biblioteca Ramiro Fonte (segundo capacidade: máximo 20 persoas).

Día: 20 de abril.

Hora de comezo: 19:30.

Duración aproximada: 90 minutos.

Mayte Celeiro: é coordinadora Territorial de CaixaProinfancia en Galicia, Cantabria e Asturias e tamén coordinadora do programa CaixaProinfancia en Vigo (Asociación Arela). Participou activamente como membro de comisións e equipos encargados de asesorar a elaboración protocolos e lexislación do ámbito de Protección á Infancia en Galicia. Participou, asemade, en diferentes xornadas e congresos en calidade de relatora ou como membro de mesas de diálogo. Unha parte importante do seu traballo nucleouse arredor da súa faceta como formadora, onde levou a cabo numerosas actividades de formación sobre protocolos, habilidades directivas, estratexias de intervención, elaboración de programas, etc.